



Incremento dun cuarto de paga de beneficios

Tal como viñamos anunciando en comunicados anteriores, CC OO e UGT, logo de estudaren os datos que o banco nos facilita para calcular a fórmula do artigo 18 do CCB, que establece o número de pagas de beneficios que os traballadores temos dereito a percibir, e despois de diversas conversas coa empresa para establecer criterios ao respecto, co fin de que a Comisión Executiva aprobe a subscripción do cuarto de paga para este mes, se é posible, diriximos o martes, día 19, unha carta ao señor Juan Cruz Alcalde Merino na que lle solicitamos **o aboamento do cuarto de paga de beneficios para todo o cadro de persoal do Grupo Banco Sabadell.**

O devandito cuarto de paga de beneficios (art. 18 CCB) é consolidable e pensionable. Con este crecemento, pasamos a percibir 2,75 pagas de beneficios (1 en decembro 2006, 1,5 en marzo e $\frac{1}{4}$ agora).

Esperamos que, tal como reclamamos, este incremento non se absorba, porque os espectaculares resultados da entidade non xustificarían unha nova absorción, como ocorreu co incremento do $\frac{1}{4}$ de paga de beneficios do 2006.

Sabadell, 21 de xuño de 2007